

A CIG-Ensino reclama máis negociación e transparencia e denuncia a creación de aulas de educación especial sen diálogo


Delegadas do sindicato concentráronse esta mañá na Cidade da Cultura coincidindo coa inauguración, a cargo do conselleiro de Educación, do III Congreso de Educación Inclusiva, para reclamar máis persoal para atender a diversidade, entre outras medidas.



Durante a mobilización, o sindicato maioritario no ensino público galego denunciou a intención da Consellería de Educación de impulsar a creación de novas aulas de educación especial en centros ordinarios sen levalo previamente á Mesa Sectorial de Educación, órgano lexítimo de negociación coa representación do profesorado.

Para a federación de Ensino esta forma de actuar confirma unha política educativa baseada na unilateralidade e na falta de diálogo, afastada das necesidades reais dos centros e do profesorado, que levan anos reclamando unha planificación seria e consensuada da atención á diversidade.

Segundo datos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, fornecidos pola propia Consellería de Educación, no curso 23/24, desde infantil até ciclos superiores, había máis de 17.800 matrículas en aulas ordinarias con necesidades educativas especiais e máis de 47.400 con necesidades de apoio educativo. Porén, o incremento deste alumnado (tanto en porcentaxe como en números absolutos) non foi acompañado dun aumento proporcional de recursos humanos, o que está a provocar unha situación límite nos centros. Así, a atención á diversidade depende en gran medida do esforzo persoal do profesorado e non dunha planificación adecuada por parte da Administración.



Porcentaxe de alumnado NEAE e NEE

Curso	2020/2021	2023/2024
NEAE	8,6%	12,5%
NEE	4,7%	5%
Total	13,3%	17,5%

Alumnado NEE

Curso	2019-2020	2023-2024
Infantil	987	2439
Primaria	6584	7114
Eso	6098	5238
Bacharelato	749	818
FP Básica	509	674
Grao Medio	556	915
Grao Superior	291	428
Outros programas formativos	238	224
Total	16.012	17.850

Alumnado NEAE

Curso	2019-2020	2023-2024
Infantil	5088	4142
Primaria	15.365	21.144
Eso	8371	17.836
Bacharelato	246	2025
FP Básica	601	1334
Grao Medio	106	699
Grao Superior	20	209
Outros programas formativos	64	20
Total	29.861	47.409

A CIG-EnsinO advirte de que a Consellería segue instalada nun modelo baseado en medidas provisionais que funcionan como simples parches, sen abordar as carencias estruturais do sistema. Esta situación está a provocar unha crecente carga de traballo no profesorado, así como sensacións de desgaste, impotencia e desafección profesional, ao ter que responder á diversidade sen os medios necesarios.

Neste contexto, o sindicato considera que a creación de novas aulas de educación especial pode converterse nun novo parche que non resolve os problemas de fondo e que incluso pode contribuír a consolidar un modelo insuficiente e contrario ao principio de inclusión educativa. A CIG-EnsinO lembra que a atención á diversidade debe garantir a participación real, a equidade e as oportunidades de desenvolvemento dentro da aula ordinaria, tal e como recolle a lexislación vixente.

«A Consellería segue instalada nun modelo baseado en medidas provisionais que funcionan como simples parches, sen abordar as carencias estruturais do sistema»

Por todo isto, a CIG-EnsinO exige:

- A paralización inmediata de calquera iniciativa de creación de novas aulas de educación especial ou prácticas segregadoras que non sexan informadas e negociadas.
- A convocatoria urxente da Mesa Sectorial de Educación.

«O actual modelo da Consellería non garante unha educación inclusiva real, senón que responde a unha estratexia baseada na propaganda, mentres o profesorado sostén o sistema en condicións cada vez máis precarias»

- O incremento real e estable dos cadros de persoal (PT, AL, orientación e persoal auxiliar coidador).
- A redución de ratios en todas as etapas educativas.
- A elaboración dun plan integral de atención á diversidade negociado coa comunidade educativa.

A CIG-Enseño conclúe que o actual modelo da Consellería non garante unha educación inclusiva real, senón que responde a unha estratexia baseada na propaganda, mentres o profesorado sostén o sistema en condicións cada vez máis precarias. «Isto non é inclusión educativa, é propaganda», advirte o sindicato.

Folga o 28 de abril

O sindicato anima ao profesorado a participar masivamente na folga do vindeiro día 28 porque a situación no ensino público non pode ser máis desesperante e a Consellería segue faltándolle ao respecto a familias, docentes e alumnado desoíndo totalmente as súas reivindicacións conxuntas.

Unha orde xudicial obriga á Consellería de Educación a restablecer os dereitos de apoio de alumnado con necesidades

A CIG-Enseño denuncia a vulneración de dereitos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo así como a nefasta xestión da Consellería de Educación.

En varios centros de Cee, e debido á falta de planificación e de recursos por parte da Consellería de Educación, estase a producir unha clara vulneración dos dereitos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Desde o inicio do curso escolar, o IES Agra de Raíces leva reclamando sen éxito a dotación

de profesorado especialista en Audición e Linguaxe (AL), imprescindible para garantir unha atención digna e adecuada do alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado no seu centro. A inacción da administración foi tal que algunhas familias víronse obrigadas a acudir aos tribunais para facer valer uns dereitos que deberían estar garantidos de oficio.





Unha orde xudicial deu a razón ás familias e obrigou á Consellería a restituír o mesmo nivel de apoio existente no curso pasado. Porén, lonxe de asumir a súa responsabilidade e dotar de recursos adicionais ao sistema educativo, a resposta da administración foi, unha vez máis, un parche improvisado e inaceptable. O que fixo foi nomear en marzo unha docente de AL a media xornada no CEIP Virxe da Barca de Muxía que debía ir tamén, pero só dúas horas ao IES Agra de Raíces. Ou sexa, que para cumprir integramente o auto, decide desvestir uns centros para vestir outros: modifica o horario doutra especialista de AL itinerante do CEIP Vila de Cee, deixando sen este servizo á EEI de Pereiriña, e altera tamén o horario doutra docente do CEIP de Brens, especialista de primaria para que imparta apoio de AL. Como resultado, estase a xerar un efecto dominó que prexudica a máis alumnado e profesorado, evidenciando unha xestión absolutamente irresponsable.

Ademais, a atención ao alumnado afectado pasa a ser realizada por dúas especialistas distintas, fragmentando a intervención e deteriorando a calidade do apoio educativo, nunha decisión que responde unicamente á falta de persoal e non a criterios pedagóxicos.

A CIG-Ensino considera intolerable que a Consellería continúe aplicando políticas de recortes encubertos, obrigando a enfrontar centros e comunidades educativas entre si e trasladando os problemas dun lugar a outro en vez de resolvelos de raíz. Esta forma de actuar non só incumpre o espírito da resolución xudicial, senón que perpetúa un modelo educativo inxusto e insuficiente.

Non se pode falar de inclusión mentres se nega o profesorado necesario. Non se pode garantir a equidade mentres se retiran recursos dun centro para tapar as carencias doutro.

«lonxe de asumir a súa responsabilidade e dotar de recursos adicionais ao sistema educativo, a resposta da administración foi, unha vez máis, un parche improvisado e inaceptable»

Por todo isto, a CIG-Ensino esixe á Consellería de Educación a dotación inmediata de persoal especialista suficiente, o respecto real aos dereitos do alumnado con necesidades específicas e o fin dunha política de improvisación permanente que está a deteriorar gravemente o ensino público galego.

A educación pública non pode seguir sosténdose a base de parches.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal